



Concello do Grove

Expte. Núm.: 1195/2023

BASES CONCURSO DE CARTEIS DA LXI FESTA DO MARISCO

O Concello do Grove convoca o concurso de carteis para elixir o que anunciará a LXI edición da Festa do Marisco, segundo as seguintes **B A S E S**:

1.- Finalidade do concurso:

O Concello do Grove convoca este concurso de carteis con motivo da celebración da LXI Festa do Marisco, prevista para o período comprendido entre o 3 e o 13 de outubro de 2024.

O cartel ten que levar preferiblemente, de xeito que se aprecie, o anagrama que o Concello do Grove ten rexistrado (centola coa cunca) ou similar e as datas nas que terá lugar a seguinte festa, ademais de incluír expresamente o nome de “Festa do Marisco. O Grove” e a edición e ano correspondentes.

2.- Participantes:

Poden tomar parte todas aquelas persoas que o desexen. Cada participante so poderá presentar unha proposta, baixo a condición de que sexan traballos orixinais. O feito de participar neste concurso implica o coñecemento e aceptación das presentes bases.

3.- Tema, características técnicas e soporte:

Tema: LXI Festa do Marisco do Grove.

Características técnicas e soporte: As propostas serán entregadas en soporte físico (papel, cartón, cartolina ou similar) cunhas medidas de 30x45, en sentido vertical e horizontal. É dicir, deberán presentar unha versión en vertical e outra en horizontal. Tamén se presentará a proposta en soporte dixital á máxima resolución.

O cartel proposto terá que incluír de xeito correcto o nome da Festa, as datas de celebración da mesma e a edición correspondente así coma o nome de “O Grove”.

As obras orixinais presentadas deberán vir protexidas de forma axeitada, o Concello non se responsabilizará de ningún dano que poidan sufrir durante o seu transporte ou manipulación.

4.- Premios e réxime fiscal:

A proposta gañadora obterá un premio de 600 euros.

Farase un acto de entrega público durante o transcurso da Festa á persoa gañadora que virá especificado no programa da Festa do Marisco. É condición que a persoa gañadora estea presente neste acto para recoller o diploma que acredite este premio, salvo causa de forza maior debidamente xustificada.

O importe do premio será sufragado con cargo á aplicación orzamentaria 4311.48100 do

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358





Concello do Grove

orçamento de gastos do exercicio 2024.

Os premios estarán suxeitos á correspondente retención fiscal nos termos previstos na Lei 35/2006, de 28 de novembro, reguladora do Imposto da Renda das Persoas Físicas.

A persoa premiada deberá acreditar que se atopa ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non é debedor por resolución de procedencia de reintegro ou ben a autorización do interesado ao concello para obter as certificacións da AEAT e da Tesourería Xeral da Seguridade Social nas que se acrediten que se atope ao corrente da obrigas sinaladas.

5.- Forma e prazo de presentación de propostas:

Os participantes presentarán as súas obras no Rexistro Xeral do Concello do Grove, sito na rúa Alcalde Xacobe Barral núm. 3, 36980 O Grove (Pontevedra) presencialmente ou por correo postal, indicando na embalaxe “Concurso de Carteis Festa do Marisco”.

O Concello non se responsabilizará dos posibles danos nin da devolución das obras unha vez concluído o concurso.

Os carteis serán presentados sen identificación do autor/a, baixo un lema que libremente escolla e que deberá constar por escrito no dorso do cartel.

Achegarán un sobre pechado no que conste ese lema no exterior e no interior do sobre conteña os datos persoais do autor (nome completo, domicilio, teléfono, correo electrónico, así como fotocopia do DNI e declaración de aceptación de bases, asinada).

O sobre conterá tamén unha copia en dixital do cartel presentado.

No exterior do sobre pechado non poderá haber alusión algunha que permita identificar ao concursante, sendo causa de exclusión do concurso o incumprimento desta norma.

Cada concursante só poderá presentar unha proposta.

O prazo para a entrega das propostas de carteis dará comezo ao día seguinte da publicación do extracto destas bases no BOPPO e finalizará o día 1 de xullo de 2024 ás 14:00 h.

6.- Xurado:

O xurado é nomeado polo Concello do Grove e poderá actuar como tal a Xunta de Goberno Local ou o Consello Local de Turismo. Poderá contemplarse a participación de asesores técnicos a este xurado.

Levantarase acta das deliberacións e conclusións que se leven a cabo.

O xurado valorará especialmente a creatividade, o impacto visual e a calidade da presentación.

O xurado poderá deixar baleiro o premio se ningunha proposta acada a calidade esixida ou rexeitar para o concurso aquelas que non se axusten a estas bases.

O xurado queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso, en todo o non previsto nestas bases.

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358





Concello do Grove

O ditame será inapelable, aceptando os participantes as presentes bases polo feito de participaren.

O premio comunicarase ó/á galardoado/a e farase público nos medios de comunicación e redes sociais municipais.

7.- Traballo premiado:

A proposta premiada cederá todos os dereitos de publicación, tanto do cartel coma de calquera outra forma de impresión para programas, folletos, redes sociais, etc. ao Concello do Grove.

A persoa premiada deberá adaptar o cartel ás diferentes medidas que lle solicite o Concello, sen custo para o Concello, así coma, a inserción dos logos que lle solicite o Concello.

A persoa premiada deberá asinar o cartel gañador antes da súa publicación.

8.- Traballos non premiados:

As obras non premiadas poderán devolverse aos seus autores/as. Poderán pasar a recollelas polas dependencias municipais (Concello do Grove, praza do Corgo, núm. 1), a partir do décimo día posterior á presentación do cartel gañador. Os autores das obras encargaranse de retiralas da forma que estimen oportuna. Transcorrido o prazo de 30 días, o Concello non se responsabilizará do destino das obras non recollidas.

9.- Publicidade da convocatoria:

O anuncio da convocatoria destas bases publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e un extracto da mesma no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Así mesmo, publicarase o texto completo das Bases Reguladoras no taboleiro de anuncios, na sede electrónica do Concello e polos medios habituais.

10.- Protección de datos:

Os datos persoais que os participantes faciliten serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello do Grove.

A lexitimación para o tratamento dos datos e o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento en base á Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e á Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os datos persoais proporcionados polos participantes no concurso serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral do presente procedemento de concorrencia e o desenvolvemento das prestacións derivadas do mesmo, polo que se conservarán mentres

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358





Concello do Grove

sexan necesarios para as mencionadas finalidades, e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente. Do mesmo xeito, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través de medios de comunicación institucionais como Boletíns ou Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, coa finalidade de dar publicidade legalmente esixida ao procedemento.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto na sede electrónica do Concello do Grove. De igual forma poderán poñerse en contacto coa persoa delegada de protección de datos e obter información adicional segundo o especificado no portal web.

Documento asinado electronicamente

